



COMUNICACIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR EN VIGO, RELATIVA Á CELEBRACIÓN DUN SORTEO PARA DIRIMIR O EMPATE NO PROCEDEMENTO DE INCREMENTO DE COTAS DE CAPTURA PARA AS EMBARCACIÓNS INCLUÍDAS NO PLAN DE XESTIÓN DO RECURSO ESPECÍFICO ANEMONE MEDIANTE MERGULLO EN APNEA E CON SUBMINISTRACIÓN DE AIRE DESDE SUPERFICIE DA CONFRARÍA DE PESCADORES DE VILANOVA DE AROUSA

ANTECEDENTES

1. O 15 de xuño de 2023 (Rexistro de entrada nº 2023/1775101) a entidade presentou solicitude para que se iniciase o proceso para a cobertura de habilitacións ata o máximo de 9, segundo as medidas adaptadas.
2. O 26 de setembro de 2023 a Xefatura Territorial da Consellería do mar en Vigo abriu o prazo de presentación de solicitudes para a elaboración da lista aberta para o incremento do número de cotas de captura das embarcacións incluídas no plan de xestión.
3. Por resolución do 7 de novembro de 2023 desta xefatura territorial, publicouse a lista provisional de puntuacións con sete (7) embarcacións admitidas no proceso e deuse un prazo de quince (15) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, para efectuar alegacións ás puntuacións outorgadas. Non houbo embarcacións excluídas do proceso. Transcorrido o prazo indicado, presentouse un (1) escrito de alegación á puntuación provisional outorgada. Analizada a alegación, modifícase a súa puntuación parcial.
4. O 13 de decembro de 2023 esta xefatura territorial ditou resolución polo que se aprobou e publicou a lista aberta para o incremento de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión e as puntuacións definitivas.
5. Esta xefatura territorial ten previsto ofertar as dúas (2) cotas de mergullador vacantes actualmente no plan de xestión. Porén, na lista aberta obsérvase un empate con 12 puntos, entre cinco (5) embarcacións que optarían ás cotas a ofertar. Xa que, é necesario desfacer este empate para establecer a orde de prelación entre elas previamente á publicación da oferta das cotas dispoñibles.
6. O apartado 8 do anexo I da Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para acceder ás modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións, así como para elaborar as listas e actualizar os méritos para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos establece que:

"En caso de empate na puntuación obtida, resolverase por sorteo en presenza das persoas afectadas pola dita situación".

En virtude de todo o anterior,



COMUNICO:

A celebración dun sorteo presencial na sede da Xefatura Territorial da Consellería do Mar en Vigo para dirimir o empate xurdido entre embarcacións que solicitaron a súa inclusión nas listas para o incremento do número de cotas de captura para o recurso específico anemone, mediante mergullo con subministración de aire desde superficie da Confraría de Pescadores de Vilanova de Arousa.

Lugar de celebración:

Xefatura Territorial da Consellería do Mar en Vigo

Rúa Concepción Arenal, 8 – 4º andar

36201 Vigo

Sala de reunións C (4º andar)

Data:

Mércores 20 de decembro de 2023

Hora:

Ás 11:30 h en única convocatoria

Relación de embarcacións empatadas:

Embarcación	Matrícula	Folio	Total
Diana Un	VILL-3	5-02	12
Dos Hermanas	VILL-3	9442	12
Lola	VILL-3	6076	12
Patri	VILL-2	4697	12
Sirena	VILL-3	9191	12

O sorteo realizarase en presenza das persoas afectadas , pero a asistencia é VOLUNTARIA.

Para poder acudir ao acto os armadores das embarcacións afectadas deberán remitir un correo electrónico ao seguinte enderezo recursosmarinos.cmm.vigo@xunta.gal indicando a intención de acudir, o seu nome, apelidos e DNI. O prazo máximo para confirmar a asistencia é o martes, 19 de decembro de 2023, ás 14:00h

De ser o caso, aquela persoa que asista no lugar dalgunha das persoas afectadas, deberá presentar no momento da entrada ao acto un documento no que acredite a súa representación, debidamente cuberto, indicando os datos identificativos e sinatura da persoa á que representa.





Por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrência competitiva e de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 2 de outubro, esta comunicación de sorteo publicarase no taboleiro de anuncios da Xefatura territorial de Vigo e na páxina web <http://mar.xunta.gal>. A comunicación tamén se exporá, con carácter informativo no taboleiro de anuncios das xefaturas comarcais de Pontevedra e Vilagarcía e da confraría de pescadores.

Levantarase acta da realización do sorteo que reflectará a orde de prelación das embarcacións e persoas aspirantes empatadas para continuar coa tramitación do procedemento.

A xefa territorial
Sonia Lorenzo Santos

Xefatura Territorial de Vigo
Rúa Concepción Arenal, 8-4º andar
36201 Vigo (Pontevedra)
Tel.: 986817104
recursosmarinos.cmm.vigo@xunta.gal

